XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Secretaría Xeral de Familia e Benestar

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

XACOBEO 2010
Galicia

INSTRUCIÓN A SEGUIR NA ACTUALIZACIÓN DOS INFORMES PSICOSOCIAIS E RENOVACIÓN DA IDONEIDADE NOS EXPEDIENTES DE ADOPCIÓN INTERNACIONAL EN CHINA.

Estas instrucións amplían e modifican as existentes ata a data, polo que quedan sen efecto as anteriores (de data 3 de agosto e 24 de agosto de 2010).

A través de escrito de data 21 de xullo de 2010, o Centro Chinés de Adopcións comunicou a necesidade de actualización dos certificados de idoneidade e informes psico-sociais, dos expedientes próximos á asignación cuxos documentos estean caducados. Posteriormente, en comunicado de data e 9 de agosto matizou esta petición no sentido de solicitar ser informado puntualmente dos casos de novas esixencias con respecto á idade dos menores adoptados**, que puidesen condicionar a decisión de Conformidade/Non Conformidade** das autoridades españolas coas preasignacións.

A este respecto, aínda que o CCAA fai mención á **idade** dos menores, pode entenderse que se fai extensivo a **outros cambios significativos relacionados coa idoneidade** e a posterior conformidade/non conformidade. En consecuencia, desde o Servizo de Defensa do Menor, consideramos que para actualizar a idoneidade dos solicitantes respecto das características do menor, é necesario actualizar a información sobre as familias (non só a idade).

Tendo en conta que as autoridades chinesas respectarán os requisitos que eran esixibles no momento en que se rexistraron os expedientes, a actualización das idoneidades farase seguindo o mesmo criterio, e **non se aplicarán os requisitos que China estableceu con posterioridade ao rexistro do expediente**. Sen embargo, sí se deberán ter en conta os **criterios de valoración fixados na nosa Comunidade Autónoma na actualidade,** entre eles os requisitos de idade actuais; ademais, hai que valorar outros posibles cambios significativos que poideran producirse neste periodo nas familias, dos que puideran sobrevir posibles valoracións de non idoneidade (enfermidades graves, entre outras).

Para que o Centro Chinés de Adopcións teña constancia de se se produciu algunha variación no perfil das idoneidades, é necesario comunicarllo, segundo a súa petición; non obstante, en orde a homoxeneizar criterios con outras comunidades autónomas, e para evitar trámites e custos innecesarios ás familias, **non será preciso comunicarlle ao CCAA aqueles casos en que as posibles variacións na idoneidade non supoñen variacións respecto da decisión de conformidade/non conformidade coas preasignacións.**

Así por exemplo, se unha familia que con arreglo ao seu C.I orixinal era idónea para neno/a de 0 a 1 ano, pasa a considerarse idónea para neno/a de 0 a 3 anos, non será necesario comunicar esta variación, posto que calquera asignación producida con arreglo ao C.I orixinal daría lugar a unha decisión de Conformidade. De igual forma, se unha familia que era idónea para neno/a de 1 a 3 anos, pasa a ser idónea para neno/a de 0 a 3 anos, non sería precisa a comunicación ao CCAA. De todas formas, nestes casos nos que se amplía o rango de idade respecto do C.I inicial **deberá dárselle a opción ás familias para que se modifique e se envíe o novo certificado, se así o desexan**.

É necesario ir actualizando todos os expedientes de China por **orde de antigüidade de rexistro** no Centro Chinés de Adopcións. A data de entrada dos expedientes tramitados por vía pública será **facilitada polo Ministerio de Sanidade e Política Social** a través de comunicado que será posteriormente remitido desde

o Servizo de Defensa do menor aos Servizos Territoriais. A data de entrada dos expedientes tramitados polas **ECAIS** deberá ser facilitado por estas, a petición de cada un dos Servizos Territoriais.

Para evitar unha excesiva dedicación de tempo na elaboración dos informes e un elevado custo na tradución daqueles que deban ser notificados por implicar variación na idoneidade, será suficiente por enviar **nunha soa páxina** os datos persoais e un resumo que podería ser o que actualmente figura no apartado final de VALORACIÓN DE IDONEIDADE, onde debe constar a idade do menor a adoptar. As actualizacións deberán enviarse ao Servizo de Defensa do Menor **por triplicado e asinadas polos técnicos, debidamente identificados, acompañando unha proposta técnica** como xa é habitual. Unha vez recibida esta información en servizos centrais, procederase a visar o informe e actualizar o certificado de idoneidade, para posteriormente enviarllo directamente á familia, se tramita pola vía pública, ou á ECAI, se esta interviu na tramitación do expediente.

Por outra banda, a actualización deberá facerse **con tempo suficiente** para ir actualizando todos os trámites. Todas as unidades e persoas implicadas deberán darlle a **prioridade necesaria** para que a documentación sexa enviada ás familias ou ECAIS, traducida, e remitida ao país con tempo suficiente para que non se produzan cruces con posibles asignacións realizadas conforme aos C.I. caducados.

Para evitar que se produzan demoras inxustificadas na tradución e/ou envío, de xeito intencionado cando existe unha variación no informe de idoneidade, as familias que realicen a tradución, ou as ECAIS que realicen a tradución e envío ao país no seu caso, deberán ser debidamente informadas de que se chegase **unha asignación non acorde coa actualización de idoneidade poderá ser rexeitada** pola autoridade central autonómica.

En canto ás novidade relacionadas coa tradución, a Axencia da Muller indica que é necesario enviar **orixinal e tradución ao chinés, non sendo necesaria a legalización destes documentos nin a tradución xurada**.

Finalmente, cando da revisión e actualización resulte unha **valoración de NON IDONEIDADE,** procederase do seguinte xeito:

- enviarase o informe e proposta técnica aos Servizos Centrais, onde se elaborará a resolución de Non idoneidade.
- O Servizo de Defensa do Menor notificaralle a resolución aos solicitantes, advertíndolles da posibilidade de presentar recurso.
- Igualmente se lle notificará esta circunstancia ao ministerio para o seu traslado ás autoridades chinesas, solicitando que non se realicen asignacións a ese expediente e advertindo, non obstante, de que a resolución podería ser impugnada en vía admnistrativa ou xudicial.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2010
A [illegible] do Servizo de Defensa do Menor,

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR · SECRETARÍA XERAL DE FAMILIA E BENESTAR

Asdo.: [illegible] Paz Boubeta